

1 Vantaxes de XHTML sobre HTML

2 Por que usar XHTML 1.1 se xa existe HTML 4.01? Cales son as súas vantaxes?

O W3C combinou a potencia de HTML e XML para crear unha linguaxe de marcado á que lle sentara ben o paso do tempo. A experiencia das versións do HTML 3.2, cando se empezaron a introducir elementos de deseño nas etiquetas, foi moi negativa para os desenvolvedores e, a medio prazo, para os propios usuarios, derivando nunha auténtica balcanización da web. A día de hoxe, aplicacións da chamada [web semántica](#) xa empezan a tirar partido do XHTML.

Por outra parte, XHTML, ao estar baseado en XML obriga a que todos os elementos estean marcados correctamente, é dicir, que estean **ben formados** (en HTML o chequeo sintáctico non é obrigatorio) permitindo facer un tratamento máis automatizado en caso de que sexa necesario. No hai que esquecer que cada día son máis as ferramentas que empregan XML no seu funcionamento.

Ademais, o uso dun HTML baseado en XML permite a utilización da linguaxe en dispositivos para os que inicialmente non foi deseñado como, por exemplo, un navegador nun teléfono móbil ou nun pequeno portátil.

Por último, XHTML é extensible, novamente por estar baseado en XML, mentres que HTML non.

2.1 Modularización

Unha das vantaxes máis importantes de XHTML fronte a HTML é a súa separación en módulos permitindo, entre outras cousas, as seguintes:

- Escoller módulos que estean soportados só por determinados dispositivos.
- Simplificar XHTML para pequenos dispositivos, mediante a definición de perfís, como o [XHTML Basic](#) (un subconxunto de XHTML que proporciona un mínimo de características que incluso poidan soportar os dispositivos máis limitados, xeralmente, pequenos dispositivos móbiles).
- Incluír outras linguaxes de marcado como MathML, SVG, voz e multimedia.

O W3C dividiu o [XHTML](#) en [28 módulos](#) entre os que se atopan os que conteñen elementos para crear formularios, táboas, listas, estilos, etc.

3 Como pasar de HTML a XHTML

Se se quere pasar dun sitio web escrito en HTML a XHTML podemos seguir os seguintes pasos:

- **Engadir un DOCTYPE a cada páxina do sitio web.** Por exemplo:

```
<!DOCTYPE html PUBLIC "-//W3C//DTD XHTML 1.0 Transitional//EN"
"http://www.w3.org/TR/xhtml1/DTD/xhtml1-transitional.dtd">
```

- **Pasar etiquetas e atributos de maiúsculas a minúsculas.** Pode realizarse mediante a función "busca-e-reprazo" de calquera editor de XHTML.
- **Entrecomiñar todos os atributos** de todas as páxinas.
- **Remprazar as etiquetas baleiras**, como `<hr>` e `
` por `<hr />` e `
`. Pode realizarse mediante a función "busca-e-remprazo" de calquera editor de XHTML. Por razóns de compatibilidade cos navegadores actuais hai que engadir un espazo extra antes do símbolo `/`.
- **Validar todas as páxinas contra o DTD no validador oficial do W3C.** Neste intre aparecerán erros que deberán ser editados manualmente.

Incluso existen [ferramentas para automatizar a conversión](#), aínda que sempre hai que revisar o código XHTML resultante.

--Arribi 00:43 3 nov 2010 (GMT)